

**ROGO DE AER SOBRE VARIOS TEMAS (Rex. Entrada 19.04.2018, 2018-E-RPLN-10).**

PLENO 24 ABRIL 2018. ACTA 06/2018

1) ***Sobre o control das obras realizadas polo Concello de Redondela.*** *En diversas ocasións tense comprobado a falta de seguridade e de medidas básicas de prevención de riscos laborais nas obras contratadas pola administración local. Cada unha destas obras conta dun Director de Obra que debe velar polo cumprimento da seguridade dos traballadores/as e máis das persoas que poidan transitar polo entorno das obras. En todo caso, sempre a responsabilidade de que este cumprimento sexa efectivo é dos responsables políticos das concellerías que contratan tales obras e por última instancia, do Alcalde.*

***ROGAMOS que o goberno local tome as medidas oportunas de xeito inmediato para o estrito cumprimento das medidas de prevención de riscos laborais básicas e de seguridade en toda obra contratada polo Concello de Redondela.***

*Resposta.Sr. Álvarez: hai unha dirección de obra, cando son obras de certa importancia teñen que presentar un plan de traballo e seguridade. Estaremos atentos a que esas circunstancias non se produzan polo ben de todos.*